




Dende C.E.I.P. ADR Castelao, comunícaselle que nos vemos na obriga de comezar a solicitar a documentación para o comedor do curso 2023-24, coa finalidade de organizar dito Servizo para o vindeiro curso ante a posibilidade de que teñamos que baremar en función das solicitudes. En base a Instrución 2/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 1 de Xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa para o curso escolar 2023/24:

- 1. Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.*
- 2. Alumnado usuario de dereito do servizo do transporte escolar, nos termos establecidos na Instrución 1/2022 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2023-2024.*
- 3. Ter un/unha irmán ou irmá matriculados no centro e ser usuario do comedor escolar no momento de formalizar a solicitude.*
- 4. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.*
5. Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto. A asimilación ao descendente do fillo/filla concibido/a e non nacido/a acreditarase mediante o carné familiar galego, e terá efectos unicamente dentro da comunidade autónoma de Galicia, artigos 12 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia
6. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente, de xeito alternativo, mediante a seguinte documentación: informe de vida laboral, expedido polo organismo laboral competente, ou certificado da Unidade de persoal á que pertenza



o empregado público; certificación da empresa, xustificativa da duración de xornada e o horario de traballo; certificación xustificativa de alta no IAE, e unha declaración responsable, sobre a vixencia da actividade económica, e o horario que require a actividade, para o caso de traballadores por conta propia.

En caso de producirse empate, o Consello Escolar establece os seguintes criterios:

- α. Que presenten incompatibilidade de horario laboral do pai e nai, ou no caso de separación do cónxuxe que teña a custodia.
- β. Que teñan incompatibilidade dun proxenitor pero non do outro.

No caso de persistir o empate entre varias solicitudes farase un sorteo público no Consello Escolar.

7. Outro alumnado do centro. Neste suposto inclúense aos escolarizados voluntariamente fóra da área de influencia que lles corresponde.

8. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.

As listas provisionais de admitidos ao comedor escolar e as listas de reserva elaboradas polo Consello Escolar expóranse, de acordo co disposto no Regulamento 2016/678 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, coa única referencia de nomes e apelidos dos usuarios e da posición ocupada nas listas nos taboleiros de anuncios dos centros, abríndose de seguido un prazo non inferior a 5 días para presentación de



alegacións.

A documentación a entregar que consideren oportuna farase a partires do día **5 DE XULLO MÉRCORES, ATA O MARTES 11 DO MESMO MES, NA DIRECCIÓN DO CENTRO, AMBOS INCLUSIVE.**

- A PARTIRES DO DÍA 11 DE XULLO NON SE RECOLLERÁ NIN ENTREGARÁ DOCUMENTACIÓN RELATIVA AO COMEDOR, SALVO NOVAS ESCOLARIZACIÓNS.
- PESE A SER USUARIO CON ANTERIORIDADE DO COMEDOR É PRECISO TRAER A DOCUMENTACIÓN QUE SE RECOLLE NOS PUNTOS ANTERIORMENTE CITADOS E O MODELO DE AUTODECLARACIÓN REFERENTE AO ANO 2022 CUBERTO POLOS PAIS, NAIS OU TITORES/AS LEGAIS. DE NON FACER DECLARACIÓN PRESENTAR XUSTIFICANTE CONFORME ESTÁ EXENTO.
- EN CASO DE NON FACELO ENTENDEMOS QUE NON TEN NADA QUE ALEGAR POLO CAL, PASARÁN DIANTE OUTROS ALUMNOS/AS CON PREFERENCIA AO USO DO MESMO.

O PRESIDENTE DO CONSELLO ESCOLAR

ASDO: DANIEL WEINER MALLEIRO.

Rianxo 04-07-2023

